

XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 13 de maio de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día trece de maio do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia de D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Iria Lamas Salgueiro, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a Ilma. Sra. Presidenta *Dna. M^a del Carmen Silva Rego*, nin a deputada *Dna. Ana Laura Iglesias González*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31708.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 6 de maio 2022.

2.31709.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A “REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLISTAS NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA”.
(Expte. 2022023348)

1. A Deputación ten deseñada unha estratexia de promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) elaborados pola ONU e da Axenda 2030. Neste marco, a corporación e a Xunta de Goberno aprobaron a Ordenanza de seguridade viaria, o Decálogo de criterios de intervencións nas estradas provinciais, o Plan Móvese, a *Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable*, subvencións aos concellos da provincia para a elaboración de plans de mobilidade sustentable e para camiños escolares seguros etc.



Na mesma liña de iniciativas estratéxicas, a Xunta de Goberno acordou a creación da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público e a aprobación do seu Protocolo de actuación (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, BOPPO, núm. 123, do 30 de xuño de 2020), coa pretensión de que os concellos promovan a redución do uso dos vehículos a motor e de que se tenda á redución ou eliminación da contaminación ambiental nos espazos públicos e, finalmente, de que os concellos Ágora incrementen de forma substancial o espazo reservado para as persoas, itinerarios peonís e ciclables.

2. Segundo se recolle no acordo adoptado, “poden formar parte de Ágora todos os concellos da provincia de Pontevedra que así o desexen, constituídos nunha rede de traballo, intercambio de experiencias e información e liñas de acción común cara á revalorización do espazo público. Para formar parte de Ágora os concellos teñen que partillar os Principios Ágora e asumir os seus compromisos.

A opción que se elixe é a adhesión voluntaria dos concellos á Rede Ágora cunha serie mínima de obrigas delimitadas e definidas por parte da Deputación e dos concellos adheridos que permitan acadar os obxectivos fixados e determinar con precisión as necesidades futuras”.

Na actualidade 54 concellos forman parte desta rede e asumen, xa que logo, entre outras obrigas recollidas no Protocolo de actuación, a de “comprometerse a incrementar de aquí a 2023 de xeito substancial os espazos públicos municipais destinados ás persoas, así como crear infraestruturas de mobilidade alternativa (a pé e en bicicleta).”

A súa vez, a Deputación asumiu “en relación cos concellos adheridos”, entre outras obrigas, a de “impulsar iniciativas, liñas de subvencións e programas de axudas en beneficio dos concellos de menos de 50.000 habitantes adheridos a Ágora para proxectos de recuperación do espazo público e de fomento das mobilidades alternativas.”

En cumprimento da antedita obriga plasmada no Protocolo aprobado, redactouse a proposta de bases reguladoras e convocatoria de subvencións aos concellos, as cales de acordo co seu artigo primeiro “teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación de subvencións para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos e para a execución de obras con estes fins no ámbito municipal dos concellos adheridos á Rede Ágora”.

Consideracións:

1.^a Lexislación aplicable:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), é o marco regulador xeral no que debe incardinarse a actividade subvencional das administracións públicas xa que a meirande parte dos seus preceptos son de carácter básico e, xa que logo, de preferente aplicación á lexislación autonómica contida na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Real decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

A Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEPO) publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016, núm.249, no seu artigo 4, relativo ao réxime xurídico das subvencións da Deputación, enumérase normativa aplicable entre a que se recolle as convocatorias e bases reguladoras destas así como os actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación. A base 25 —Normas xerais reguladoras das subvencións— das de execución do orzamento en vigor é do seguinte teor:

“1.ª Réxime xurídico:

O réxime xurídico ven constituído por:

a. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por R. d. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).

b. Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

c. Lexislación básica do Estado reguladora da Administración local (artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL e artigos 40,189.2 e 214.2 do R. d. l. 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL).

d. Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, artigos 87 a 89 e R. d. 1755/87, de 23 de decembro, e disposicións concordantes).

e. Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPO”.

2.ª Competencia da Deputación

Calquera programa de subvencións ten que respectar o marco competencial que lles atribúe ás deputacións o artigo 36 da LRBRL.

É sabido que, conforme ao mencionado artigo, as deputacións teñen como función central a cooperación económica, técnica cos concellos e na planificación do territorio de acordo coas competencias das demais administracións públicas nese ámbito, así como a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal e están chamadas á planificación estratéxica orientada a sostibilidade social, económica e ambiental.



Un dos instrumentos específicos para o desenvolvemento das competencias provinciais propias é o outorgamento de subvencións no marco dunha estratexia con obxectivos definidos. A Deputación de Pontevedra, en consonancia e por medio dos instrumentos referenciados no antecedente 1, fomenta a mobilidade sustentable, a salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade en materia de infraestruturas e mobilidade.

En coherencia con isto, o parágrafo segundo do artigo 1 da proposta de bases responde aos mencionados obxectivos ao establecer:

“A finalidade desta convocatoria é impulsar a realización de proxectos de recuperación de espazos públicos no ámbito municipal para devolvellelos ás persoas, así como a creación de sendas peonís e/ou ciclables, para permitir a implantación de formas de desprazamento máis sostibles. Preténdese axudar aos concellos a crear espazos públicos de calidade para as persoas, que, ao mesmo tempo, favorezan o crecemento económico, a cohesión social e a defensa do medio coa finalidade de garantir unha mellor calidade de vida para a cidadanía. Establécense dúas casuísticas:

- Caso 1: Recuperación de espazos que actualmente están ocupados por tráfico a motor para devolvellelos ás persoas.
- Caso 2: Creación ou mellora de espazos segregados para a circulación peonil e/ou ciclable (sendas peonís ou ciclables) anexas a vías existentes que non contén na actualidade con espazos adecuados para este tipo de usuarios.

Aceptaranse tamén proxectos que inclúan a combinación das dúas casuísticas.”

3.^a Contido das bases reguladoras:

No artigo 18 da OXSDEPPO enuméranse os extremos que regularán as bases específicas da convocatoria segundo se detalla e se correlaciona coa presente proposta de bases.

- a. Obxecto, condicións e finalidade do programa de subvención. Base 1
- b. Crédito ao que se impute o programa de subvencións. Base 3
- c. Requisitos que deben cumprir os solicitantes e forma de acreditarlos. Base 4
- d. Importe máximo das subvencións e porcentaxe destas respecto ao custo, se a natureza da subvención o admite. Base 3
- e. Documentos e informacións que deben xuntarse á petición, establecendo, no seu caso, os documentos que poden ser substituídos por unha declaración responsable para a súa presentación posterior segundo o disposto nesta ordenanza. Bases 7 e 8



- f. Compatibilidade con outras subvencións ou axudas. Base 16
- g. Indicación de se é posible ou non reformular as solicitudes. Bases 5, 6 e 18, proceso único/emenda só do previamente presentado e a requirimento da Deputación e modificación conforme ao artigo 16 da OXSDEPPO.
- h. Criterios obxectivos de outorgamento da subvención. Base 5
- i. Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento. Bases 11 e 12.
- j. Establecemento das medidas de difusión que debe adoptar a beneficiaria, que deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración. Base 15. 4 d)
- k. Prazo para presentar as solicitudes. Base 6
- l. Prazo para o seu outorgamento, que non ha de exceder de seis meses desde a finalización do prazo para presentar as solicitudes. Indicación do silencio administrativo negativo. Base 12
- m. Prazo para realizar a finalidade subvencionada, que, na medida do posible, debería ser dentro do exercicio. Base 15.
- n. Prazo para xustificar os fondos percibidos a xustificar no caso de pagos anticipados. Non se prevén pagos anticipados.
- o. Prazo ou termo para xustificar a subvención, que non debería ser superior a tres meses desde a finalización do prazo de realización da finalidade e, no seu caso, posibilidade de concesión de prórroga. Base 15.
- p. Forma de xustificación por parte da persoa ou entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade e da aplicación dos fondos que se concedan. Base 15.
- q. A presentación da solicitude supón a autorización da persoa solicitante para obter de forma directa polo servizo instrutor a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias (co Estado, a Comunidade Autónoma e a Deputación) e coa Seguridade Social, podendo a persoa ou entidade solicitante denegar expresamente o consentimento. Base 7



r. Acreditación da titularidade ou dos acordos de cesión de uso dos bens nos que se van facer investimentos e o compromiso de mantelos afectos á finalidade para a que se solicita a subvención no período mínimo legal ou o que se estableza nas bases reguladoras. Base 8.

s. Indicación de que a resolución pon fin á vía administrativa. Base 12.6

t. A obriga de pagar por medio de entidade financeira os gastos que superen o importe que se sinala nas bases de execución do orzamento. Non procede outro medio de pagamento.

u. Indicación de que non se considerarán subvencionables os gastos que non se paguen mediante entidade financeira daquelas entidades solicitantes da axuda que non contén con contabilidade. Non procede outro medio de pagamento.

v. Indicación dos requisitos esenciais do control financeiro. O obxectivo do control financeiro é a comprobación da adecuación ás normas aplicables respecto ao procedemento de concesión, xestión e xustificación dunha subvención, así como a correcta verificación da súa aplicación, polo beneficiario dos fondos percibidos en función do destino e os fins perseguidos. De acordo coa disposición adicional 14.^a da LXS, esta competencia corresponde aos órganos ou funcionarios que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica á que se refiren os artigos e seguintes da Lei reguladora das facendas locais, isto é, á Intervención Xeral. Na base 15 detállase o procedemento e a xustificación para o pagamento e faculta a Deputación para esixir calquera documentación que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución. Nesta mesma base recóllense, tamén, as esixencias de verificación da documentación xustificativa polos servizos técnicos provinciais, de comprobación explícita da execución das obras, de comprobación material dos investimentos, da comprobación formal e da fiscalización pola Intervención antes da aprobación e pago da subvención.

4.^a Procedemento e criterios de concesión

O procedemento previsto para a concesión das subvencións previstas nestas bases é o de concorrencia non competitiva. Na base quinta recóllese que se outorgarán segundo orde de entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra.

O prazo para presentar as solicitudes será de trinta (30) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria e o seu extracto no BOPPO.

5.^a Financiamento e órgano competente para a aprobación das bases

Na base terceira establécese que a convocatoria estará dotada con 1.960.000 €, dos cales 960.000 € serán con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10/2021 e 1.000.000 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10.



De acordo co establecido no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nas Bases de execución do Orzamento provincial o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento procedimental oportuno.

Segundo as Bases de execución do Orzamento da Deputación do ano 2022, é a Xunta de Goberno o órgano competente para a súa aprobación.

Non é preceptivo o informe da Secretaría Xeral, polo que, logo do informe da Intervención Xeral de 6 de maio de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.º Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora co Código seguro de verificación (CSV):AVECNMFD2V4BWIMR.

2.º Aprobar o gasto de 1.960.000,00 euros, a que ascende o importe previsto para o financiamento das subvencións con cargo ás aplicacións 22/456.9420.762.10.2021 (960.000€) e 22/456.9420.762.10 (1.000.000 €).

3.º. Rexistrar a convocatoria e o seu extracto na BDNS e publícala do Boletín Oficial da Provincia co código de identificación que asigne a BDNS á convocatoria.

3.31710.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADECUACION FUNCIONAL DE 3 VIVENDAS-RÚA ENSINANZA-CANGAS”. (Expte. 2022010836)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Inversións dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de inversións, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar inversións de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Inversións, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009556, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Cangas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 72.168,72 euros, con destino ao financiamento do investimento “*ADECUACION FUNCIONAL DE 3 VIVENDAS-RUA ENSINANZA-CANGAS*”, cun orzamento que importa 72.168,72 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	72.168,72	72.168,72	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	72.168,72	72.168,72	0,00	0,00

Consta no expediente certificado relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, uso e competencia municipal á que se destina o inmovible así como informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con algunha autorización para executar o investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.

Fundamentación Xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 03/05/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 03/05/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A a cantidade de 72.168,72 € con destino ao financiamento do investimento “*ADECUACION FUNCIONAL DE 3 VIVENDAS-RUA ENSINANZA-CANGAS*” (Expte. 2022010836) cun orzamento que importa 72.168,72 euros, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargos do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	72.168,72	72.168,72	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	72.168,72	72.168,72	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.31711.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS NO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO BAIXADA A FRANCÓN”. (Expte 2022010844)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022 por rexistro WEB2022009952, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Cangas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 75.924,62 euros, con destino ao financiamento do investimento "SANEAMENTO BAIXADA A FRANCON", cun orzamento que importa 75.924,62 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	75.924,62	75.924,62	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	75.924,62	75.924,62	0,00	0,00

A finalidade do investimento é a prestación dun servizo básico municipal (de acordo co recollido no artigo 25 e 26 de LRBRL), é dicir, a mellora da rede de saneamento, pluviais nun lugar do Concello de Cangas. Neste sentido, tal e como se dispón na Base Primeira das reguladoras do Plan de Obras e Servizos 2022-2023, nos supostos de investimentos de competencia municipal que se realicen sobre estradas de titularidade provincial ou de titularidade de calquera outra Administración Pública deberase contar coa autorización expresa da respectiva Administración ou acreditar tela solicitada.



Consta no expediente certificado relativo á titularidade así como informe do redactor do proxecto sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con algunha autorización para executar o investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.

Fundamentación xurídica:

I.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 22/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 22/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 09/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF: P3600800A a cantidade de 75.924,62 € con destino ao financiamento do investimento “*Saneamento baixada a Francon*” (Expte.2022010844) cun orzamento que importa 75.924,62 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do POS - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello-€
2022	75.924,62	75.924,62	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	75.924,62	75.924,62	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.31712.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ASFALTADO DA TRAVESÍA PRAZA A FEIRA - COLEXIO DE ABELENDO, DO CAMIÑO AMEIXOADA - O CASAL E DA RÚA DANIEL CASTELAO”. (Expte.2022009873)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 03/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Vilanova de Arousa na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 68.965,24 euros, con destino ao financiamento “Acondicionamento da planta baixocuberta do centro de formación con novas tecnoloxías no Pazo de Vista Real”, cun orzamento por importe de 88.965,24 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	88.965,24	68.965,24	20.000,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	88.965,24	68.965,24	20.000,00	0,00

O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde por importe de 7.502,00 €.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización do órgano competente en material de Patrimonio, Consellería de Cultura. O Concello achega solicitude de autorización á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 27/04/2022.



Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 27/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/04/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa* CIF P3606100J a cantidade de 68.965,24 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento da planta baixocuberta do centro de formación con novas tecnoloxías no Pazo de Vista Real*” (Expediente:2022005637) cun orzamento polo importe de 88.965,24 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	88.965,24	68.965,24	20.000,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	88.965,24	68.965,24	20.000,00	0,00

O orzamento contempla honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde por importe de 7.502,00 euros

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sendo imprescindible que a remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica, conforme ao establecido na base reguladora 12ª do Plan Concellos 2022-2023.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Vilanova de Arousa deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.31719.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DA BAIXA TEÓRICA DE ADXUDICACIÓN PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “RESTAURACIÓN DEL ASTILLERO DE LA BANDA DEL RIO. CARPINTERIA DE RIBERA. FASE IP”, DO CONCELLO DE BUEU INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020. (Expte.2020023835)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.



A base décimo novena das reguladoras do Plan Concellos 2020 lexítima aos Concellos a reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobranse individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 euros, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 euros. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.

En data 31/07/2020, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 11.29205, concedeuse ao *Concello de Bueu*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 112.138,45 euros, con destino ao financiamento do investimento “*RESTAURACION DEL ASTILLERO DE LA BANDA DEL RIO. CARPINTERIA DE RIBERA. FASE IP*”, cun orzamento polo mesmo importe.

Posteriormente, en data 15/10/2021 é autorizado un cambio de proxecto que non supón alteración nin de orzamento nin no importe de subvención concedido.

En data 28/04/2022 con rexistro 2022011455, o concello de BUEU solicita a disposición do crédito da baixa teórica de adxudicación da obra “*RESTAURACION DEL ASTILLERO DE LA BANDA DEL RIO. CARPINTERIA DE RIBERA. FASE IP*”.

O concello achega o certificado de adxudicación da actuación, do que se deduce unha adxudicación total por un importe de 102.148,66 euros, sendo a baixa teórica de adxudicación a favor do Concello de 9.989,79 euros.

Asemade, o órgano de contratación, logo da avocación da competencia, comprométese a financiar con fondos propios do concello os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición da actuación “*RESTAURACION DEL ASTILLERO DE LA BANDA DEL RIO. CARPINTERIA DE RIBERA. FASE II*”.

Visto o que antecede, solicito que se realicen os trámites oportunos para dispoñer do crédito previamente comprometido na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 a fin de que o Concello de Bueu poida aplicar a baixa teórica de adxudicación que importa 9.989,79 euros, procedente do investimento “*RESTAURACION DEL ASTILLERO DE LA BANDA DEL RIO. CARPINTERIA DE RIBERA. FASE IP*” (exp_ 2020023835), no financiamento dun novo investimento proposto polo concello (“Proxecto de pavimentación de camiños e espazos públicos municipais”).

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión de axudas é do de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da autorización:

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. Os Concellos poderá reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobrante individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 euros, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 euros. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.
- Base 21ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, deberán estar executados a 31 de Xullo de 2022 e xustificados, na súa totalidade, o 31 de Agosto de 2022 en base a prórroga publicada no BOPPO núm. 230 de data 27 de novembro de 2021.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 29/04/2022, e o informe favorable da intervención provincial de data 03/05/2022, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito procedente da baixa teórica de adxudicación, para a súa aplicación nun novo investimento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 9.989,79 € procedente da baixa teórica de adxudicación do investimento “*Restauración del astillero de la Banda del Rio. Carpintería de Ribera. Fase IP*” (Expte. 2020023835) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o concello poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación dun novo investimento.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Bueu*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

13.31720.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DA BAIXA TEÓRICA DE ADXUDICACIÓN PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO DO CAMIÑO VELLO- A GRAÑA”, DO CONCELLO DE BUEU INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020. (Expte. 2021037780)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

A base décimo novena das reguladoras do Plan Concellos 2020 lexitima aos Concellos a reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobranse individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 €, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 €. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.



En data 10/09/2021, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 2.30760, concedeuse ao *Concello de Bueu*, polo procedemento de concorrencia non competitiva e cambio de aplicación, subvención por importe de 114.918,62 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de pavimentación saneamento e abastecemento do Camiño Vello-A Graña*”, cun orzamento polo mesmo importe.

En data 28/04/2022 con rexistro 2022011455, o *Concello de Bueu* solicita a disposición do crédito da baixa teórica de adxudicación da obra “*Proxecto de pavimentación saneamento e abastecemento do Camiño Vello-A Graña*”.

O concello achega o certificado de adxudicación da actuación, do que se deduce unha adxudicación por un importe de 85.671,82 €, sendo a baixa teórica de adxudicación a favor do Concello de 29.246,80 euros.

Asemade, o órgano de contratación logo da avocación da competencia, comprométese a financiar con fondos propios do concello os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado ou dun exceso de medición da actuación “*Proxecto de pavimentación saneamento e abastecemento do Camiño Vello-A Graña*”.

Visto o que antecede, solicito que se realicen os trámites oportunos para dispoñer do crédito previamente comprometido na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 a fin de que o *Concello de Bueu* poida aplicar a baixa teórica de adxudicación que importa 29.246,80 euros, procedente do investimento “*Proxecto de pavimentación saneamento e abastecemento do Camiño Vello- A Graña*” (exp_2021037780), no financiamento dun novo investimento proposto polo concello (“*Proxecto de pavimentación de camiños e espazos públicos municipais*”).

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión de axudas é do de concorrencia non competitiva

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da autorización:

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. Os Concellos poderá reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobrante individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 euros, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 euros. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.
- Base 21ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, deberán estar executados a 31 de Xullo de 2022 e xustificados, na súa totalidade, o 31 de Agosto de 2022 en base a prórroga publicada no BOPPO núm. 230 de data 27 de novembro de 2021.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 29/04/2022, e o informe favorable da intervención provincial de data 03/05/2022, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito procedente da baixa teórica de adxudicación, para a súa aplicación nun novo investimento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 29.246,80 € procedente da baixa teórica de adxudicación do investimento “*Proxecto de pavimentación saneamento e abastecemento do Camiño Vello-A Graña*” (Expte.2021037780) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o concello poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación dun novo investimento.



- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Bueu*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

14.31721.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DA BAIXA TEÓRICA DE ADXUDICACIÓN PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBRICIÓN DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DETOUZOSAS-VALEIXE”, DO CONCELLO DE A CAÑIZA, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020 (Expte. 2020028556)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “*Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº1, do 02/01/2020.

A base décimo novena das reguladoras do Plan Concellos 2020 lexitima aos Concellos a reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobranse individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 €, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 €. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.

En data 16/10/2020 concedeuse mediante acordo de Xunta de Goberno 3.29422, subvención ó *Concello de A Cañiza* por importe de 126.880,26 €, con destino ó financiamento do investimento “*Substitución do material de cubrición da cuberta do pavillón polideportivo de Touzosas-Valeixe*” (Expte.2020028556), incluído na liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, cun orzamento polo mesmo importe, correspondendo 119.831,36 € á execución de obra e 7.048,90 € aos honorarios técnicos.

En data 29/04/2022 con rexistro WEB2022026554, emendado en data posterior, o *Concello de A Cañiza* achega documentación relativa ao investimento “*Substitución do material de cubrición da cuberta do pavillón polideportivo de Touzosas-Valeixe*” da que se deduce unha adxudicación por un importe de 116.236,41 €, xerándose unha baixa teórica de adxudicación a favor do Concello de 3.594,95 €.



Neste contexto, o Concello solicita a disposición da baixa teórica de adxudicación da actuación “*Substitución do material de cubrición da cuberta do pavillón polideportivo de Touzosas-Valeixe*” (Expte.2020028556) e que importa 3.594,95 € para financiar unha nova actuación.

Asemade, o órgano de contratación, tal é como se reflexa na documentación aportada, asume o compromiso de que, de existir algunha incidencia na obra que supoña un incremento do prezo adxudicado e contratado, é dicir unha minoración do importe da baixa teórica de adxudicación, os seu custo será asumido integramente polo concello.

Visto o que antecede, solicito que se realicen os trámites oportunos para dispoñer do crédito previamente comprometido na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 a fin de que o *Concello de A Cañiza* poida aplicar a totalidade da baixa teórica de adxudicación que importa 3.594,95 euros, procedente do investimento “*Substitución do material de cubrición da cuberta do pavillón polideportivo de Touzosas-Valeixe*” (Expte.2020028556), no financiamento do novo investimento que pretende acometer o concello “Adquisición de servidor para as oficinas municipais”.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16^a do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión de axudas é do de concorrencia non competitiva.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da autorización:

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. Os Concellos poderá reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobranse individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 euros, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 euros. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.
- Base 21ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, deberán estar executados e xustificados na súa totalidade o 30/11/2021.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 05/05/2022, e o informe favorable da intervención provincial, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito para a súa aplicación nun novo investimento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 3.594,95 euros procedente da baixa teórica de adxudicación do investimento “*Substitución do material de cubrición da cuberta do pavillón polideportivo de Touzosas-Valeixe*” (Expte. 2020028556) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o concello poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación do novo investimento.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Cañiza*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.



15.31722.- ADXUDICACIÓN DOS OBRADOIROS ÁS ENTIDADES DE MAIORES, XUBILADOS E PENSIONISTAS E OUTRAS ENTIDADES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, QUE SE RELACIONAN, NO MARCO DO PROGRAMA “DEPO EN MARCHA 2022”. (Expte.2021048169)

1º.- De conformidade có establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares dan provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.

2º.- No artigo 2 da Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, pon en funcionamento o programa “DEPO EN MARCHA 2022”, no marco do benestar social e das actividades de lecer e de tempo libre dirixido a entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra.

Por Acordo da Xunta de Goberno número 3.31142, do 10 de xaneiro de 2022 aprobáronse as Bases Reguladoras do programa “Depo en Marcha” para o ano 2022, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 25, do 7 de febreiro de 2022.

4º.- A Base Segunda, entidades beneficiarias, recolle o seguinte:

“(…) Poderán ser beneficiarias do programa as entidades de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra que cumbran algún dos seguintes requisitos:

- 1) *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.*
- 2) *As entidades que figuren no Rexistro Xeral de Asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas na categoría tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.*



- 3) *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas, non recollidas nas anteriores.*
- 4) *Entidades que, sen estaren rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.*

O Servizo de Cohesión Social, de oficio, comprobará que a actividade formativa solicitada non é coincidente coas solicitadas noutras convocatorias específicas ofertadas por outros servizos da Deputación(...)”.

5º.- A Base Cuarta relativa ás condicións do programa, recolle entre outros, que “(...)só poderá concederse un obradoiro por entidade(...)”.

6º.- Así mesmo, de acordo co establecido na Base Décimo terceira, relativa ao procedemento de concesión, os criterios de prelación son os seguintes:

“(...) O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva. No caso de que o número de solicitudes exceda o número de obradoiros ofertados, desde a Deputación elaborárase a lista seguindo a orde de prelación que se detalla a continuación:

Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) como entidades de iniciativa social, dentro da área de maiores da provincia de Pontevedra.

As entidades que figuren no Rexistro Xeral de Asociacións, recollidas dentro da provincia de Pontevedra e clasificadas na categoría tipo: terceira idade, pensionistas e xubilados.

Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas nas anteriores.

Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores (...)”.

Tendo en conta o anterior, cubrirase de forma inicial un máximo de 130 obradoiros e o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda(...)”; (...) O número de accións formativas poderá ampliarse no caso de que a empresa adxudicataria oferte un prezo unitario por obradoiro inferior ao de licitación (...)”.

7º.- A base segunda , “orçamento e financiación”, recolle que “(...)a contía consignada para este programa é de cento oitenta e seis mil oitocentos cinco con oitenta e seis (186.805,86) euros, con cargo á aplicación 22/231.2311.227.07 do Orzamento provincial(...)”

Establécese que “(...)o programa será cofinanciado pola institución provincial tal e como se especifica a continuación:

- *Cada alumna ou alumno aboará a cantidade de sete (7,00) euros por curso*
- *A Deputación asumirá a cantidade restante que resulte do prezo de adxudicación(...)*”

8º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 1 de abril de 2022 adoptou entre outros asuntos, adxudicar a contratación do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Depo en Marcha” para o ano 2022 á empresa Xestión Cultural Áurea, S.L., con CIF B36394233, polo prezo unitario por obradoiro de 1.122,43 € (IVE incluído).



9º.- Tendo en conta o anterior, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e recibida a documentación requirida daquelas entidades que presentaron a súa solicitude de forma incompleta, consta que nesta convocatoria hai un total de 207 expedientes.

Revisados e tramitados todos eles, o resultado é o seguinte:

- 207 expedientes, derivados de solicitudes presentadas en prazo, das cales:
 - o 179 solicitudes compren os requisitos establecidos nas bases reguladoras resultando admitidas.
 - o 28 solicitudes resultan excluídas segundo o seguinte detalle:
 - 24 solicitudes están duplicadas.
 - 2 solicitudes incumpren os requisitos da base terceira, por ser entidades de iniciativa pública.
 - 2 solicitudes incumpren os requisitos da base sétima ao non acreditar a representación do cargo.
- Ningunha solicitude foi presentada fora de prazo.

10º.- De acordo co disposto no apartado 2 da base terceira, “*O Servizo de Cohesión Social comprobará de oficio que a actividade formativa solicitada non coincide coas solicitadas noutras convocatorias específicas ofertadas por outros servizos da Deputación*”. Feita a consulta ao servizo de Igualdade, non é posible comprobar a posible duplicidade co programa “Conectadas” xa que dita convocatoria está en proceso de tramitación, polo que deberán facer esa comprobación dende dito Servizo.

11º.- Analizado o prezo ofertado pola empresa adxudicataria, detallado no punto 8º do presente informe, o custo para 166 cursos adxudicados a 166 entidades sería de 186.323,38 €, sendo posible a súa cobertura dentro do orzamento destinado a presente convocatoria.

12.- Con data 6 de abril de 2022, Intervención emite dilixencia de fiscalizado e conforme, respecto da proposta de aprobación de 166 solicitudes do programa Depo en Marcha 2022, (CSV: Q009E0CKJXB5W84S), xunto coa relación de solicitudes en lista de agarda(13) e excluídas (28) (CSV: QUY8XCDY7R1AV4H8).

Normativa aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial para o ano 2012.
- Bases do programa Depo en Marcha 2012.



De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a adxudicación dos obradoiros ás entidades de maiores, xubilados e pensionistas e outras entidades da provincia de Pontevedra, que se relacionan, no marco do programa “*Depo en Marcha 2022*”, atendendo aos criterios de prelación establecidos nas bases e que supoñen un total de 166. (AnexoII).

Segundo.- Aprobar a relación de entidades en lista de agarda que son un total de 13. (Anexo III), e a exclusión de 28 solicitudes, polos motivos que figuran na relación anexa (Anexo IV)

Os Anexos figuran asinados no expediente co seguinte CSV: QUY8XCDY7R1AV4H8.

16.31723.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A ELABORACIÓN DA AVALIACIÓN ARQUEOLÓXICA E HISTÓRICO-ARTÍSTICA DO CONVENTO DE SANTA CLARA (PONTEVEDRA).
(Expte. 2022002147)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 25 de febreiro de 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada dos traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do convento de Santa Clara (Pontevedra), concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación no DOUE e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/02/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 31 de marzo de 2022 procedeu a apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

-UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570)

-Patrimonio Inteligente Castilla y León SL (CIF B-47755624).

Así mesmo na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas admitidas remitíndose a mesma aos técnicos do Servizo do Museo de Pontevedra a efectos da súa valoración.



A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 7 de abril de 2022 en base o informe de valoración emitido conxuntamente polo Arqueólogo do Museo de Pontevedra D. Rafael María Rodríguez Martínez e polo Director do Museo de Pontevedra D. José Manuel Rey García con (CSV) PYDQ9WIKGH1OHMC4 acorda prestar conformidade as puntuacións correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízos de valor acadadas polas empresas admitidas sendo as seguintes:

		UTE Citania-Prospectiva-Gabinete	Patrimonio inteligente SL	
1	Metodoloxía e proposta de intervención		9,00	5,50
	1.1	Descrición da metodoloxía e os modelos de rexistro que se van a empregar. (Max 4 ptos)	4,00	3,00
	1.2	Proposta tecnolóxica de integración da información sobre unha base de datos xeorreferenciada. (Máx 4 puntos)	3,50	2,00
	1.3	Descrición e programación dos traballos que se van a realizar. (Máx 2 puntos)	1,50	0,50
2	Proposta de analíticas e estudos complementarios de investigación		7,50	4,00
	2.1	Programa de toma de mostras e analíticas (Max 4 puntos)	3,50	2,00
	2.2	Proposta de estudos parciais e analíticos de cara a interpretar o rexistro arqueolóxico (Máx 4 puntos)	4,00	2,00
B.3	Programa de fotografía, vídeo e fotogrametría dixital		7,00	7,00
	3.1	Proposta detallada de fotogrametría dixital xeorreferenciada. (Máx 5 puntos)	4,50	4,50
	3.2	Proposta detallada de fotografía aérea e vídeo (Máx 3 puntos)	2,50	2,50
4	Plan de Divulgación		3,00	2,50
	4.1	Elaboración dun programa de visitas guiadas á intervención para explicar e dar a coñecer os traballos que se desenvolven (Máx 2 puntos)	1,00	1,50
	4.2	Elaboración dun programa de faladoiros ou charlas explicativas e informativas a desenvolver no Museo de Pontevedra, dirixidas á comunidade local para dar a coñecer o complexo monacal e o resultado dos traballos nel desenvolvidos, atendendo a tódolos ámbitos do coñecemento implicados no mesmo. (Max 1 punto)	1,00	0,50
	4.3	Accións de comunicación en redes sociais.(Máx 1 punto)	1,00	0,50
Total puntuación sobre B		26,50	19,00	

Na mesma reunión a Mesa de contratación procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.



Procédese de seguido polos técnicos do Museo de Pontevedra a verificar a documentación acreditativa dos valores ofertados no sobre C e a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas.

As puntuacións totais acadadas segundo constan no Informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación con (CSV) *NF4AJL4HM0YPWJ2F* e no informe emitido polo Director do Museo de Pontevedra con (CSV) *0P9LES8TTIIHPA5I* son as seguintes:

Criterio 1.- Prezo ofertado:

Unha vez efectuada a ponderación de conformidade coa fórmula establecida no prego de cláusulas económico-administrativas as puntuacións obtidas son as seguintes:

Criterio	UTE Citania Arqueoloxía SL Prospectiva-Gabinete	Patrimonio Inteligente Castilla y León SL
1.-Prezo	10,004	11,851

Criterio 2 Ampliación da composición ou requirimentos do equipo de traballo por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios e criterio 3.- Incremento do número de sondaxes arqueolóxicas manuais de 2x2 metros.

As puntuacións obtidas nestes criterios, de conformidade co indicado no informe emitido polo Director do Museo de Pontevedra con CSV(*0P9LES8TTIIHPA5I*) son as seguintes:

Criterios	UTE Citania Arqueoloxía SL Prospectiva-Gabinete	Patrimonio Inteligente Castilla y León SL
2.1.-Ampliación do persoal técnico especializado en arqueoloxía e/ou restauración a maiores dos mínimos	6,00	6,00
2.2.-Traballos de escavación/sondaxe manual de xacementos arqueolóxicos, dirixidos polo axudante de dirección nos últimos 5 anos a maiores dos mínimos	2,00	1,00
2.3.-Traballos de lectura estratigráfica de paramentos realizados polo/a arqueólogo/a responsable destes traballos a maiores dos mínimos	2,00	2,00
2.4.-Traballos nos que a persoa proposta como responsable de restauración participou como restaurador en traballos de conservación-restauración en escavación arqueolóxica nos últimos 5 anos. traballos a maiores dos mínimos	2,00	1,00
2.5.-Traballos ou estudos nos que participou o/a antropólogo/a forense nos últimos cinco anos baseados en restos óseos procedentes de intervencións arqueolóxicas traballos a maiores dos mínimos	2,00	2,00



2.6.-Traballos ou estudos de arquitectura medieval monacal nos que participou o/a historiador/a da arte nos últimos cinco anos traballos a maiores dos mínimos	2,00	0,50
2.7.-Traballos ou estudos de baleirado documental de arquivos civís ou eclesiásticos nos que participou o/a documentalista nos últimos cinco anos. traballos a maiores dos mínimos	2,00	0,50
3.-Incremento do número de sondaxes arqueolóxicas manuais de 2x2 metros	4,00	12,00
Total	22,00	25,00

Resumen puntuacións totais:

	UTE Citania Arqueoloxía SL Prospectiva y análisis arqueólogos SLP Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio	Patrimonio Inteligente Castilla y León SL
Total Puntuación Sobre B	26,50	19,00
Total Puntuación Sobre C	32,004	36,851
Total B+C	58,504	55,851

Á vista das puntuacións obtidas a Mesa de contratación en reunión celebrada o día 21/04/2022 acorda clasificar as ofertas, sendo dita clasificación a seguinte:

Así mesmo a Mesa de contratación en dita reunión acorda propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto, convocado para contratación do servizo de elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara a UTE formada polas seguintes empresas Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)- Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570).

Mediante Resolución Presidencial número 2022003034, do 25/04/2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2022028871, de data 06/05/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 11.240,11 € (carta de pago núm. operación 202200091341, do 06/05/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo correspondente aos traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do convento de Santa Clara (Pontevedra) á UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570) polo seguinte importe e de acordo coas seguintes condicións:

1.Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	224.802,20 €
IVE (21 %):	47.208,46 €
Importe total ofertado:	272.010,66 €



2.- Ampliación da composición ou requirimentos do equipo de traballo (por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios):

CRITERIO	Nº meses e técnicos ofertados
2.1.- Ampliación do persoal técnico especializado en arqueoloxía e/ou restauración, a maiores dos mínimos esixidos no compromiso de medios, directamente vinculados coa intervención, que teñan unha contribución efectiva e continua no seu desenvolvemento cunha dedicación mínima de 30 horas semanais.	Nº meses: 6 Nº técnicos:2

CRITERIO	Nº traballos ofertados a maiores dos mínimos esixidos
2.2 Traballos de escavación/sondaxe manual de xacementos arqueolóxicos, dirixidos polo axudante de dirección nos últimos 5 anos a maiores dos 3 traballos esixidos como mínimo.	4
2.3 Traballos de lectura estratigráfica de paramentos realizados polo/a arqueólogo/a responsable destes traballos a maiores dos 2 traballos esixidos como mínimo.	4
2.4 Traballos nos que a persoa proposta como responsable de restauración participou como restaurador en traballos de conservación-restauración en escavación arqueolóxica nos últimos 5 anos a maiores dos 3 traballos esixidos como mínimo.	4
2.5 Traballos ou estudos nos que participou o/a antropólogo/a forense nos últimos cinco anos baseados en restos óseos procedentes de intervencións arqueolóxicas, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	4
2.6 Traballos ou estudos de arquitectura medieval monacal nos que participou o/a historiador/a da arte nos últimos cinco anos, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	4
2.7 Traballos ou estudos de baleirado documental de arquivos civís ou eclesiásticos nos que participou o/a documentalista nos últimos cinco anos, a maiores dos 2 esixidos como mínimo.	4



3.- Ampliación do alcance da proposta sen incremento de orzamento.

CRITERIO	Nº sondaxes ofertadas a maiores
Número de sondaxes arqueolóxicas manuais de 2x2 metros ofertadas a maiores das esixidas como mínimo no prego de prescricións técnicas.	4

Prazo de execución

O prazo de execución do contrato será de 6 meses contados a partir da formalización do contrato. En calquera caso se deberán cumprir os seguintes prazos parciais obrigatorios:

- Máximo de 10 días hábiles a partir da formalización do contrato para a entrega no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra do proxecto arqueolóxico e da solicitude de autorización da intervención.
- Máximo de 10 días hábiles a partir da notificación da autorización do proxecto da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para o inicio da intervención arqueolóxica (deberá comunicarse a data a través do Rexistro Xeral da Xunta Galicia e do Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra).
- 3 meses a partir da notificación da autorización do proxecto da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a execución da fase de escavación e tapado das sondaxes (no caso de que os resultados da intervención sexan arqueoloxicamente negativos).
- Informes: Informe de incidencias con carácter inmediato á ocorrencia da mesma; Informe valorativo: máximo de 10 días hábiles; Documento de avance: máximo de 1 mes contado a partires do remate da intervención arqueolóxica.
- Ata un máximo de 6 meses para a presentación da Memoria Técnica. Acompañando á mesma deberá entregarse copia da acta de depósito dos materiais arqueolóxicos no Museo de Pontevedra, o seu inventario e demais documentación complementaria.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo a seguinte aplicación orzamentaria

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	22/333.3330.632.03	272.010,66 €



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

- Primeiro pagamento parcial: unha vez transcorrido o primeiro mes completo dos traballos e ata un máximo do 30% do prezo do contrato.
- Segundo pagamento parcial: unha vez transcorrido o segundo mes completo dos traballos e ata un máximo do 30% do prezo do contrato.
- Terceiro pagamento parcial: unha vez transcorrido o terceiro mes completo dos traballos e ata un máximo do 30% do prezo do contrato.
- Cuarto pagamento: unha vez rematada a intervención arqueolóxica, entregado o Documento de avance e acreditada a execución do Plan de Divulgación e ata un máximo do 5% do prezo do contrato.
- Quinto pagamento: unha vez entregada a Memoria Técnica e ata un máximo do 5% do prezo de contrato..

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Nº de exp.:	2022002147	
Órgano xestor:	.LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: o Director do Museo de Pontevedra.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

17.31724.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.L. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE NÚMERO 1 DO CONTRATO PARA REALIZACIÓN DA “ADECUACIÓN DE 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (PROGRAMA INTERREG V-A - POCTEP 2014-2020)” (Expte.2019034306). (Devogarán. 2021007629)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de decembro de 2019 (CSV.- 6UKAGV863HFUJ5PM), adxudicouse o contrato relativo a “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*” (Expte. 2019034306).

Para responder da realización deste servizo, a entidade mercantil *Excavaciones y Construcciones Laureano Covelo, S.L.* (C.I.F.- A-36029239), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 589,75€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900188237 de data 14/10/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal indica que a entidade licitadora executou os traballos con estrita suxeición aos requisitos técnicos especificados no prego de prescricións técnicas, sen detectarse ata a data deficiencias que deriven responsabilidades para a empresa adxudicataria, polo que o que procede é a devolución da fianza depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Excavaciones y Construcciones Laureano Covelo, S.L.*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”, sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de 589,75 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900188237.

18.31725.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA OBRAS GALLAECIA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES NÚMEROS 2, 3, 4 E 8 DO CONTRATO PARA REALIZACIÓN DA “ADECUACIÓN DE 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (PROGRAMA INTERREG V-A - POCTEP 2014-2020)”. (Expte. 2019034306) (Devogarán. 2022033980).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de decembro de 2019 (CSV.- 6UKAGV863HFUJ5PM), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”. (Expte. 2019034306)

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Obras Gallaecia, S.L.* (CIF.- B-70.018.981), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

Empresa	Lote	Denominación	Importe
OBRAS GALLAECIA, S.L. (B-81470842)	2	Punto limpo do Concello de A Guarda	1.174,00€
	3	Punto limpo do Concello de A Lama	1.172,50€
	4	Punto limpo do Concello de Gondomar	1.459,00€
	8	Punto limpo do Concello de Silleda	1.089,00€

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal establece que os traballos levados a cabo ofrecen un estándar de calidade non inferior aos establecidos pola Administración Pública, polo que procede a devolución das fianzas constituídas ao efecto.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da empresa Obras Gallaecia, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucións das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra (Lotes 2, 3, 4 e 8)*” (*Expte. 2019034306*), *sen que existan obrigas pendentes.*

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola empresa Obras Gallaecia, S.L., por resultar adxudicataria dos lotes 2, 3, 4 e 8 do contrato indicado no parágrafo anterior e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA* por importe de mil cento setenta e catro euros con cincuenta céntimos (1.174,50 €), para responder do “*lote 2*” do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900189920.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA* por importe de mil cento setenta e dous euros con cincuenta céntimos (1.172,50 €), para responder do “*lote 3*” do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900189922.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de mil catrocentos cincuenta e nove euros (1.459,00 €), para responder do “*lote 4*” do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900189923.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de mil oitenta e nove euros (1.089,00 €), para responder do “*lote 8*” do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900189924.



19.31726.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES NÚMEROS 5 E 9 DO CONTRATO PARA REALIZACIÓN DA “ADECUACIÓN DE 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (PROGRAMA INTERREG V-A - POCTEP 2014-2020)”. (Expte. 2019034306) (Devogarán. 2022033982)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de decembro de 2019 (CSV.- 6UKAGV863HFUJ5PM), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra”. (Expte. 2019034306).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Construcciones Caldevergazo, S.L.* (CIF:B36.133.916), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

Empresa	Lote	Denominación	Importe
Construcciones Caldevergazo, S.L. (B-81470842)	5	Punto limpo do Concello de Nigrán	830,00€
	9	Punto limpo do Concello de Vilagarcía de Arousa	2.990,00€

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal establece que os traballos levados a cabo ofrecen un estándar de calidade non inferior aos establecidos pola Administración Pública, polo que procede a devolución das fianzas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da empresa *Construcciones Caldevergazo, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucións das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado a liquidación do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra (Lotes 5 e 9)*” (Expte. 2019034306), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola empresa *Construcciones Caldevergazo, S.L.*, por resultar adxudicataria dos lotes 5 e 9 do contrato indicado no parágrafo anterior e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CRÉDITO Y CAUCIÓN por importe de oitocentos trinta euros (830,00 €), para responder do “Lote 5” do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900189447.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CRÉDITO Y CAUCIÓN por importe de dous mil novecentos noventa euros (2.990,00 €), para responder do “Lote 9” do contrato de “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900189448.

20.31727.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE NÚMERO 6 DO CONTRATO PARA REALIZACIÓN DA “ADECUACIÓN DE 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (PROGRAMA INTERREG V-A - POCTEP 2014-2020)”. (Expte. 2019034306) (Devogarán. 2022033983)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de decembro de 2019 (CSV.- 6UKAGV863HFUJ5PM), adxudicouse o contrato relativo a “*Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra*” (Expte. 2019034306).

Para responder da realización do “lote 6” deste servizo, a entidade mercantil *Construccions, Obras E Viais, S.A. COVSA* (C.I.F.- A-36008886), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.587,41€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900187733 de data 11/10/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal indica que a entidade licitadora executou os traballos con estrita suxeición aos requisitos técnicos especificados no prego de prescricións técnicas, sen detectarse ata a data deficiencias que deriven responsabilidades para a empresa adxudicataria, polo que o que procede é a devolución da fianza depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. -COVSA-, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra”, sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *Sogarpo*, por importe de 1.587,41 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900187733.

21.31728.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA NAROM, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO LOTE NÚMERO 7 DO CONTRATO PARA REALIZACIÓN DA “ADECUACIÓN DE 9 PUNTOS LIMPOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (PROGRAMA INTERREG V-A - POCTEP 2014-2020)”. (Expte. 2019034306) (Devogarán. 2022033985)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 20 de decembro de 2019 (CSV.- 6UKAGV863HFUJ5PM), adjudicouse o contrato relativo a “Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra” (Núm. Exp. 2019034306).

Para responder da realización do “*lote 7*” deste servizo, a entidade mercantil NAROM, S.L. (C.I.F.- B-36163418), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 2.045,41€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900189157 de data 15/10/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal indica que a entidade licitadora executou os traballos con estrita suxeición aos requisitos técnicos especificados no prego de prescricións técnicas, sen detectarse ata a data deficiencias que deriven responsabilidades para a empresa adjudicataria, polo que o que procede é a devolución da fianza depositada.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil NAROM, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a *“Adecuación de 9 puntos limpos na Provincia de Pontevedra”*, sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de 2.045,41 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900189157.

22.31729.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTE.

A) Vista a relación de facturas con número 2022033730 que contén vinte e seis facturas e por un importe de 2.475,98€ e con CSV: EXO09ZZUSEF9PNVG, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 5 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	2.475,98 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	2.475,98 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



B) Vista a relación de facturas con número 2022033906 que contén vinte e dúas facturas e por un importe de 29.004,01€ e con CSV: YYLVX1LRZF1RPBHW, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 6 de maio de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	28.972,36€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	31,65 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	29.004,01€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles

23.31730.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE LALÍN. (EXPTE. 2021004255)

Dada conta que con data de rexistro 03/12/2020 (rex. núm. 2020027535) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada D. Antonio Alberto Hernández del Rosal en representación de D. Juan José García Otero (S/REF. AX 2020/289), por danos en vehículo producidos, segundo manifesta, a consecuencia da caída dunha árbore na estrada provincial E.P. 6005 Prado-Bodaño, o día 21/12/2019, e que foi cuantificada economicamente en 295,41 €.

Resultando.- Que con data 28/01/2021, e con fundamento nos artigos 5.6 e 18 da Lei 39/2015, en relación co 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse ó interesado para que acreditase a representación de D. Juan José García Otero e aportase certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non fora indemnizado por mor deste sinistro, solicitando na data 12/02/2021 ampliación do prazo para cumprimentar o requirimento.

Resultando.- Que con data 24/03/2021, comunícase ó interesado a ampliación por cinco días para aportar a documentación requirida, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións.

Resultando.- Que con data 07/04/2021, D. Antonio Alberto Hernández del Rosal aporta o poder notarial de representación.



Resultando.- Que con data 20/04/2021, requíruselle novamente por prazo de cinco días para que aportase certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non fora indemnizado por mor deste sinistro, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións, solicitando na data 28/04/2021 a ampliación do prazo para a aportación da mesma, a cal foi achegada na data 05/05/2021.

Resultando.- Que con data 11/05/2021, requíriuse ó interesado para que aclarase a data na que tivo lugar o sinistro, pois na instancia relata que aconteceu o día 21/12/2020, sendo esta data posterior á de presentación da reclamación, e para que aportase, por facerse necesario para a determinación da titularidade da vía, atestado, dilixencias policiais ou mesmo unha fotografía que permitira identificar o lugar exacto da colisión.

Resultando.- Que con data 27/05/2021, solicita ampliación do prazo conferido para aportar a documentación solicitada.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021003073, de data 01/06/2021, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación, por atoparse o procedemento nese intre pendente da identificación por parte do interesado do lugar exacto no que acontecera o sinistro, así como da aclaración da data do mesmo, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 03/06/2021, o interesado remite fotografías do lugar no que supostamente ocorreu o sinistro e sitúa como data do accidente o día 21/12/2019.

Resultando.- Que con data 17/06/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 06/07/2021, co seguinte contido literal:

- a) *A estrada E.P. 6005 Prado-Bodaño é unha estrada convencional, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, por tanto o lugar do accidente pertence á rede provincial de estradas.*
- b) *O 112 non dou aviso ó teléfono dos vixiantes do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra informando do accidente, polo que a brigada da zona non puido ter coñecemento do accidente ocorrido. Nesta mesma estrada producíronse caídas puntuais de árbores ou de ramas noutros puntos quilométricos da estrada pero non hai constancia de ningún outro accidente por mor dunha árbore caída na estrada.*
- c) *Este Servizo descoñece quen procedeu á retirada da árbore da estrada, así mesmo descoñece o estado no que se atopaba a árbore previo á súa caída, xa que coa información obrante no expediente non foi posible determinar in situ o lugar no que se atopaba a árbore ó non poder identificarse o tocón procedente do talado da mesma.*
- d) *Ó non ser informada a Brigada, non se pode establecer un tempo de resposta na actuación da mesma, pois esta non se puido producir.*



e) *Non existe sinal por caída de árbores no código de circulación. O tramo no que se produciu o accidente está sinalizado a unha velocidade máxima de 50 km/h.*

f) *Polo mesmo motivo exposto anteriormente, ó non ser posible ubicar a situación da árbore, este Servizo descoñece se esta se atopaba en dominio privado ou en dominio público e, por tanto, descoñece a titularidade do terreo onde se atopaba a árbore.*

César Paredes Rodríguez

Enxeñeiro

Daniel Romay Díaz

Director de Infraestruturas e Vías Provinciais

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2021004091 de data 12/07/2021, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal o interesado podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, atestado policial ou calquera outro medio probatorio que permitira constatar a veracidade do relatado, ó non constar ningunha proba dos feitos no expediente salvo a súa declaración de parte.

Resultando.- Que con data 21/07/2021, o interesado remite fotografías do lugar no que supostamente ocorreu o sinistro, as cales xa foran aportadas ó expediente o 14/06/2021.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido tardanza na cumprimentación dos requirimentos por parte do reclamante.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- *Non se tivo coñecemento do accidente.*
- *Descoñécese quen procedeu á retirada da árbore da estrada, así como o estado no que se atopaba a mesma xa que coa información obrante no expediente non foi posible determinar in situ o lugar no que se atopaba.*



- *Non hai constancia doutros accidentes pola mesma causa.*
- *O tramo no que se produciu o accidente está sinalizado a unha velocidade máxima de 50 km/h.*
- *Ó non ser posible ubicar a situación da árbore, descoñécese se esta se atopaba en dominio privado ou en dominio público e, por tanto, descoñécese a titularidade do terreo onde se atopaba a árbore.*

Considerando.- Que o reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, así como fotografías dunha vista xeral do tramo no que supostamente tivo lugar o accidente, pero nas cales non se amosa nin árbore caída sobre a calzada nin o vehículo accidentado no lugar, non constando atestado nin dilixencias policiais de intervención no accidente, por canto nin principio de proba ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica do relatado e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal o informe do Servizo de Infraestruturas constitúese coma elemento de xuízo idóneo, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual:

“...Corresponde al actor y al demandado recomviniente la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvencción.”

E a teor do artigo 218 do citado texto:

“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso.”

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que non se tivo coñecemento dos feitos alegados na solicitude nin se proba pola parte reclamante a realidade fáctica descrita na mesma.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª



de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021 e 9/22 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/2012, 220/17, 193/21 e 76/22 ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e a 213/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e todas sobre supostos con identidade de razón (caída de árbore na estrada), eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

24.31731.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 9 DE XULLO DE 2021 (Nº35.30554), POLO QUE SE CONCEDEU AO CONCELLO DE POIO, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2021-LIÑA 1, UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN DE ENTORNOS TRADICIONAIS PRIMEIRA TRAVESÍA SEARA”.
(Expte.2021016914)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 15/12/2020, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias



e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 04/01/2021.

Mediante Acordo nº 35.30554 da Xunta de Goberno de data 09/07/2021, e no marco do Plan Concellos 2021, aprobouse a concesión dunha subvención ao concello de Poio por importe de 170.243,03 euros, para o investimento co mesmo importe denominado “*Recuperación de entornos tradicionais Primeira Travesía Seara*” (Expediente 2021016914), condicionada a devandita concesión a que o Concello beneficiario obtivese a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) dependente da Consellería de Mobilidade da Xunta de Galicia.

A través dunha serie de rexistros web nº 2021049753 de 27/12/2021, nº 2021050046 de 29/12/2021, nº 2022004179 de 22/02/2022, nº 2022005481 de 04/03/2022, e nº 2022006942 de 16/03/2022 tense iniciado a xustificación parcial do investimento, para ser aboadas en legal forma as catro primeiras certificacións de obra.

En data 04/02/2022 por rexistro web 2022004423 o Concello de Poio pon de manifesto a necesidade de aprobar un modificado do proxecto no contrato de obra, ao xurdir circunstancias imprevistas na execución material. O Concello completa en datas posteriores a documentación inicialmente achegada.

Recompoñendo toda a documentación que obra no expediente de forma sucesiva, resulta acreditado o seguinte; 1º) que por Xunta de Goberno Local de 05/10/2021, o contrato se adxudica en procedemento aberto simplificado á entidade mercantil “*Construcciones Enrique C. Casas S.L.*” por un importe de 151.856,78 euros, deixando unha baixa de 18.386,25 euros; 2º) na mesma Xunta de Goberno Local noméase director de obra ao técnico municipal D. José Luís Rodríguez Arias; 3º) a acta de comprobación do replanteo ten lugar o 08/11/2021; 4º) en data 04/02/2022 o director de obra indica a necesidade de proceder a un modificado no contrato, por canto xorden distintos avatares non previstos vencellados á falta de estabilidade no terreo; 5º) como consecuencia do modificado dáse un incremento do 14,8973 % do orzamento primitivo, que pasa de 170.243,03 euros a ser de 195.604,63 euros; 7º) o Concello de Poio declara que o incremento do modificado sexa cuberto pola baixa de adxudicación, e no importe restante polo propio Concello cos seus fondos.

Revisada a documentación técnica polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación se emite informe favorable en data 25/04/2022.

No momento da concesión, o Concello non aprobou o proxecto na medida en que estaba condicionado á efectiva obtención da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Este condicionante tamén está presente no proxecto modificado razón pola que o Concello renova a súa petición perante o organismo autonómico en sintonía co novo proxecto, e mantén en suspenso a súa aprobación mentres non obteña a pertinente autorización sectorial.



Fundamentos xurídicos:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.



- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que no acordo de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución/acordo de concesión, incluídos os prazos de execución ou xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou axuda pública.

A solicitude deberá estar suficientemente xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición da circunstancia que a causa e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras da concesión.

Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2021, que dispón que a modificación da resolución ou acordo de concesión “*sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada, estará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos; a) Petición por parte do Concello, que deberá vir motivada, entre outras, nas seguintes circunstancias (...) Calquera outra circunstancia debidamente motivada e xustificada; b) Acordo do órgano competente do Concello que aproba as variacións operadas no proxecto, documento técnico, memoria valorada ou descritiva da actuación que se vai a levar a cabo*”.

Base Reguladora 20ª do Plan Concellos 2021, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado. Admitiranse a trámite modificacións que se poidan financiar co importe das baixas de adjudicación, de tal forma que o Concello, se o solicita expresamente, pode empregar a baixa de financiamento do proxecto modificado, será necesaria a autorización expresa do órgano competente da Deputación.

Parte dispositiva:

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 25/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 27/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial de data 03/05/2022, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1º.- Dar conformidade á aprobación da modificación do proxecto do investimento denominado “*Recuperación de entornos tradicionais primeira travesía Seara*” (Expte. 2021016914) que ha de rexer na continuación da execución material do mesmo.



2º.- Modificar o acordo de concesión nº 35.54305 da Xunta de Goberno de data 09/07/2021, no sentido de variar o orzamento do investimento, que pasa de 170.243,03 euros, a ser de 195.604,63euros.

3º.- Declarar que o aumento do orzamento será cuberto pola baixa de adxudicación de 18.386,25 euros e o importe restante ata acadar o total do incremento será cuberto polo *Concello de Poio* mediante os seus propios fondos.

4º.- Manter os demais pronunciamentos do Acordo de concesión de subvención, polo que tamén a aprobación do presente modificado está condicionado a que o *Concello de Poio* obteña a prórroga da autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

5º.- O *Concello de Poio* deberá de achegar a esta Deputación a devandita autorización sectorial prorrogada para o proxecto modificado tan pronto como a obteña, ademais do acordo do órgano municipal competente aprobando o proxecto modificado, e en todo caso coa xustificación inmediata que teña lugar despois do actual modificado.

6º.- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

25.31732.- COMUNICACIÓNS

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación.

SENTENZAS FAVORABLES

RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

25.1) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 67/21 promovidos por Axa Seguros Generales S.A. de Seguros y Reaseguros sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo a consecuencia dun desprendemento.*

Dada conta que con data 29 de novembro de 2021 tivo entrada nesta Deputación sentenza da mesma data do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 67/21 promovidos por *Axa Seguros Generales Sa de Seguros y Reaseguros* contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 2.420,70 € de principal mais 162,77 € de intereses o que fan un total de 2.583,47 € como consecuencia de danos en vehículo a consecuencia dun desprendemento na EP 0012 Pontevedra-Figueirido) na que se desestima dita demanda e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



- 25.2) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 187/21 promovidos por Dna. Cristina Blanco Besada sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na E.P. 4006 no Concello de Pontearreas.*

Dada conta que con data 17 de xaneiro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 14 de xaneiro pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 187/21 promovidos por Dna. Cristina Blanco Besada contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 940,99 € de principal, mais 68,60 € de intereses o que fan un total de 1.009,59 € por danos en vehículo producidos pola colisión cunha árbore o día 25/11/18 no p.k. 10,2 da EP 4006, no Concello de Pontearreas) na que se desestima a demanda e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 25.3) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 176/21 promovidos por Mapfre España Cía de Seguros y Reaseguros, S.A. de reclamación patrimonial por danos en vehículo na E.P. 7001 no Concello de A Estrada.*

Dada conta que con data 11 de marzo de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza da mesma data do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 176/21 promovidos por Mapfre España Cía. de Seguros y Reaseguros, S.A. contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 798,60€ de principal, mais 54,02 € de intereses o que fan un total de 852,62 € como consecuencia de danos en vehículo a consecuencia da irrupción dun xabaril no p.k. 2,4 da EP 7001 A Estrada-Forcarei no Concello de A Estrada) na que se desestima dita demanda e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza

- 25.4) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 228/21 promovidos por D. Juan Moure Fernández e Mapfre Cía de Seguros sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo na E.P. 4202 no Concello de As Neves.*

Dada conta que con data 18 de marzo de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 17 de marzo pasado do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 228/21 promovidos por Juan Moure Fernández e Mapfre Cía de Seguros contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 1.178,43 € de principal, mais 72,56 € de intereses o que fan un total de 1.250,99 €, por danos en vehículo producidos pola colisión cunha árbore o día 16/10/19 no p.k. 0,500 da EP 4202, no Concello de As Neves) na que se desestima a demanda e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza



RECURSOS HUMANOS

25.5) *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 56/21, promovidos por Dna. Rosa Ana Pintos Abal sobre materia de persoal.*

Dada conta que con data 17 de decembro de 2021 notificase sentenza núm. 301/21, do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 56/21, promovidos por Dna. Rosa Ana Pintos Abal contra Resolución Presidencial de data 7/12/20 que dispuxo o cese como funcionaria interina, auxiliar de administración xeral (grupo C2), adscrita ó ORAL) na que se desestima dita demanda e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

25.6) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 31/21, dimanante do procedemento abreviado nº 394/19, promovido por D. José Miguel Alonso Granja, contra as Bases do Programa “O Teu Primeiro Emprego”.*

Dada conta que con data 21 de febreiro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 31/21, promovido por D. José Miguel Alonso Granja contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra de data 17 de novembro de 2021, ditada no procedemento abreviado nº 394/19, no que se desestimou a demanda contra as Bases do Programa “O Teu Primeiro Emprego”, por non contemplar unha reserva de postos para persoas con discapacidade nos programas de carácter formativo) na que ratifica a ditada en primeira instancia, favorable a esta Deputación, con imposición de custas por importe de 1.000,00 € e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

SERVIZO INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS

25.7) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4302/21, dimanante do procedemento ordinario nº 437/18, promovido por Dna. Amalia Soto Franco, sobre expediente de expropiación.*

Dada conta que con data 4 de febreiro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª (recaída no recurso de apelación núm. 4302/21, promovido por Dª. Amalia Soto Franco contra o Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 27 de xullo de 2021, ditado no procedemento ordinario nº 437/18, no que se inadmitiu recurso de reposición sobre expediente de expropiación do novo vial de acceso a Monteporreiro, no que se ordena o arquivo das actuacións por falta de lexitimación activa da recorrente) na que ratifica a ditada en primeira instancia, favorable a esta Deputación, con imposición de custas por importe de 500,00 € e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



25.8) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada nos autos do procedemento ordinario 162/20, promovidos pola Comunidade de Propietarios Edificio Telleira, sobre vía de feito.*

Dada conta que con data 24 de marzo de 2.022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento ordinario 162/2020 promovidos por *Comunidade de Propietarios Edificio Telleira*, sobre cesión de terreos para execución das obras “*Proxecto integral de mobilidade da avenida Luis Racafort-Sanxenxo*” na que reclamaba a cantidade de 31.175,00 € de principal mais 1.556,76 € de intereses) polo que se desestima a demanda cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da favorable da citada sentenza.

25.9) *Sentenza do Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra, ditada en autos de Xuízo Rápido número 121/22 seguidos contra D. Jorge Fraga Solla, por danos na E.P. 0018 no Concello de Pontevedra.*

Dada conta que con data 3 de maio de 2.022 tivo entrada nesta Deputación sentenza condenatoria do Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra (recaída en autos de Xuízo Rápido número 121/22 seguidos contra *D. Jorge Fraga Solla*, por danos unha bionda causados no P.K. 0,500 na E.P.0018, con motivo do accidente ocorrido por saída de vía o día 25/12/21, no Concello de Pontevedra, na que se condena ó acusado a indemnizar a Deputación de Pontevedra na cantidade de 1.850,11 €) cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza

PENAL

25.10) *Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación 297/22, dimanante do Procedemento Abreviado núm. 176/20 promovidos contra D. Enrique Santiago Iglesias e D. Albino Roberto Maffezzoni por un delito de furto en establecemento aberto ó público.*

Dada conta que con data 4/5/22 ten entrada nesta Deputación Provincial sentenza núm. 118/22 da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 2ª (recaída no recurso de apelación nº 297/22, promovido por *D. Enrique Santiago Iglesias* e *D. Albino Roberto Maffezzoni* contra a sentenza do Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra de data 9/7/21, ditada en autos de procedemento abreviado 176/20, na que se condenaba ós acusados como autores criminalmente responsables dun delito de furto dunha torre de son na parte traseira da sede da Deputación Provincial de Pontevedra, en grado de tentativa, valorado en 500,00 €, á pena de catro meses de prisión, coa accesoria de inhabilitación especial para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena) na que se confirma na súa integridade a ditada en primeira instancia e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.



ORAL

25.11) *Sentenza do Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo, ditada no Xuízo sobre delitos leves núm. 2409/21, sendo parte denunciante Dna. María Jesus Costa París, por un delito de coaccións nas oficinas do ORAL en Nigrán.*

Dada conta que con data 18 de febreiro de 2.022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo (ditada no Xuízo de delitos leves núm. 2409/21, seguidos a instancias da traballadora do ORAL da oficina de Nigrán D^a. María Jesús Costa París, na que se condena a denunciada D^a. Paula Campos Diego como autora responsable dun delito de coaccións, a pena de dos meses de multa a razón de 5 € día o que fan un total de 300,00 €; coa advertencia de que o impago da mesma dará lugar a unha responsabilidade persoal subsidiaria dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas non satisfeitas) sendo levada a defensa da traballadora do ORAL polo Letrado-Xefe da Asesoría Xurídica desta Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

PRESIDENCIA

25.12) *Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 2ª, ditada no Recurso de Apelación nº 781/21, promovido D. Gonzalo Durán Hermida contra esta Deputación, sobre declaracións efectuadas contra a presidencia da mesma.*

Dada conta que con data 15 de outubro de 2021 tivo entrada nesta Deputación sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 2ª recaída no Recurso de Apelación nº 781/21 promovido por D. Gonzalo Durán Hermida contra esta Deputación na que se confirma na súa integridade a sentenza ditada polo Xulgado de Instrución nº3 de Pontevedra no procedemento Xuízo sobre Delitos Leves nº 1399/18, promovido por esta Deputación contra Don Gonzalo Durán Hermida, sobre falta de respecto e consideración debida a autoridade na persoa da presidenta desta Deputación, pola que se condenou ó denunciado a pena de un mes de multa por importe de 360,00 €, coa responsabilidade persoal subsidiaria no caso de impago dun día de privación de liberdade por cada dúas cotas diarias non satisfeitas, cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES

RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL

25.13) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 4243/21, dimanante do procedemento ordinario nº 170/20, promovido pola COMUNIDADE HEREDITARIA DE Dna. Julia Rodríguez Galup, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial.*

Dada conta que con data 4 de febreiro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 2ª (recaída no recurso de apelación núm. 4243/21, promovido pola Comunidade Hereditaria de Dna. Julia Rodríguez Galup



contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de data 18 de xuño de 2021, ditada no procedemento ordinario nº 170/20, na que se condena a Deputación a reposición do terreo a seu estado anterior a data 30/10/17, enchendo a gabiá excavada ata deixar nivelado o terreo, e restituíndo no muro as pedras del retiradas) na que ratifica a ditada en primeira instancia, parcialmente favorable a esta Deputación, e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma, acordando o cumprimento nos seus propios termos.

25.14) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Sala Contencioso-Administrativo Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 308/21, dimanante do procedemento ordinario nº 345/19, promovido por Dna. María del Carmen Queimaño Molanes e Don Jesús Queimaño Molanes, contra desestimación de reclamación patrimonial por caída na E.P. 1001 no Concello de Cangas de Morrazo.*

Dada conta que con data 20 de abril de 2.022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída en autos de recurso de apelación nº 308/21 promovidos por Dª María del Carmen Queimaño Molanes e Don Jesús Queimaño Molanes contra sentenza de data 12/4/21, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 345/19, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos a consecuencia dunha caída nunha taxa de canalización de auga co resultado de morte da súa nai Dª. Manuela Molanes, sucedida na E.P. 1001, termo municipal de Cangas de Morrazo, o día 9 de novembro de 2016 na reclamaban inicialmente a cantidade de 40.000,00 € e que estimaba parcialmente a demanda establecendo unha concorrencia de culpas dun 90% para a Deputación e un 10 % para os demandantes e condenando a Deputación a aboar os recorrentes a cantidade de 36.000,00 €, mais os intereses legais dende a data de presentación da reclamación en vía administrativa) na que se estima parcialmente dito recurso, establecendo unha concorrencia de culpas dun 60% para a Deputación e un 40 % para a Sra. Molanes Malvido condenando a aboar os demandantes a cantidade de 24.000,00 mais os intereses legais dende a data da presente resolución xudicial constando no expediente xustificante de consignación xudicial por parte de Zurich, aseguradora desta Deputación e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

RECURSOS HUMANOS

25.15) *Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 11/21, dimanante do procedemento abreviado nº 430/19, promovido polo Sindicato De Técnicos de Enfermería, sobre impugnación das bases da convocatoria, respecto da praza de oficial sanitario (auxiliar de clínica)*

Dada conta que con data 4 de febreiro de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala Contencioso-Administrativo, Sección 1ª (recaída no recurso de apelación núm. 11/21, promovido polo *Sindicato de Técnicos de Enfermería* contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de data 2 de novembro de 2020, ditada



no procedemento abreviado nº 430/19, sobre impugnación das bases de convocatoria para a selección de persoal funcionario de carreira e laboral fixo no plan de estabilización de emprego temporal, respecto da praza de oficial sanitario, en concreto, auxiliar de clínica) na que desestimando os recursos da administración provincial e do sindicato, ratifica a ditada en primeira instancia, parcialmente favorable a esta Deputación, e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica. A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma, acordando o cumprimento nos seus propios termos.

SENTENZAS DESFAVORABLES RECURSOS HUMANOS

25.16) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada nos autos de procedemento abreviado núm. 14/2021 promovidos por D^a. María Jesús Rúa Rodríguez sobre materia de persoal.*

Dada conta que con data 25/10/21 notificase sentenza núm. 279/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado núm. 14/2021, promovidos pola funcionaria adscrita ao Centro Príncipe Felipe, D^a. María Jesús Rúa Rodríguez, contra a Resolución de data 14/10/20 pola que se desestima a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo da demandante, e contra a Resolución de data 30/10/20 pola que se acorda a xubilación forzosa, e contra a resolución desestimatoria do recurso de reposición interposto contra as citadas resolución) na que se estima a demanda declarando o dereito da actora á prolongación do servizo activo, repoñendo á mesma no seu mesmo posto de traballo, en todos os seus dereitos económicos e administrativos dos que viña gozando, con ingreso das cotizacións sociais, atopándose a mesma en fase de apelación e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da devandita sentenza.

PENAL

25.17) *Sentenza do Xulgado de Instrución nº 3 de Porriño, ditada nos autos de Dilixencias Urxentes de Xuízo Rápido núm. 308/20 seguidos contra D. Gustavo Raúl Martínez Davila, por danos na E.P. 2604 no Concello de O Porriño.*

Dada conta que con data 8 de marzo 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de Instrución nº 3 de Porriño (recaída en autos de Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido número 308/20 seguidos contra D. Gustavo Raúl Martínez Davila, por danos causados no P.K. 2,200 na E.P.2604, con motivo do accidente ocorrido por saída de vía o día 4/9/20, no Concello de O Porriño) na que se condena ó acusado e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



PRESIDENCIA

25.18) *Sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento ordinario número 199/20 promovidos pola Comunidade de Montes en Man Común de Mourente sobre acción declarativa de dominio.*

Dada conta que con data 5 de maio de 2022 tivo entrada nesta Deputación sentenza de data 28 de abril pasado do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento ordinario núm. 199/20 promovidos por *Comunidade de Montes en Man Común de Mourente* sobre acción declarativa de dominio sobre porcións de monte veciñal denominado “*Montecelo*” no termo municipal de Pontevedra) na que se estima a demanda.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido desfavorable da citada sentenza ordenando a interposición do recurso de apelación.

AUTOS FAVORABLES

MOBILIDADE

25.19) *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 429/21-1, dimanante do procedemento ordinario núm. 429/21, promovido por D. Santiago Tato Vidal, sobre realización de obras.*

Dada conta que con data 12 de xaneiro de 2.022 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra (ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 429/21-1, dimanante do procedemento ordinario núm. 429/21, promovido por *D. Santiago Tato Vidal*, contra resolucións presidenciais números 2019012988 e 2019014186 de 15 de xullo e 1 de agosto, relativas as obras de acondicionamento e afianzamento dun talude na parcela catastral 36017M524006490000FY na confluencia das estradas provinciais 7009 e 7010 no Concello de A Estrada) no que se denega a medida cautelar solicitada con imposición en custas e cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

25.20) *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado no procedemento abreviado núm. 297/21, promovido por D^a. Rocío Núñez Rúa sobre materia de persoal.*

Dada conta que con data 21 de febreiro de 2.022 notificase Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (ditado no procedemento abreviado nº 297/21, polo que se declarou a finalización do proceso por perda sobrevida do seu obxecto no procedemento instado por *Dna. Rocío Núñez Rúa*, contra a resolución de 28/6/21, desestimatoria da petición de cambio de quenda por conciliación laboral da vida familiar), cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.



DECRETOS FAVORABLES
RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

25.21) *Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, ditado no procedemento abreviado núm. 198/21, promovido por D. Felipe Míguez Fernández sobre reclamación de responsabilidade patrimonial.*

Dada conta que con data 11 de outubro de 2.021 notificase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (ditado no procedemento abreviado nº 198/21, polo que se acordou ter por desistido a *D. Felipe Míguez Fernández*, sobre responsabilidade patrimonial por danos en bicicleta e lesións pola existencia dun paso elevado con sinais reflectantes na calzada na PO-552 no Concello de Baiona), cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

25.22) *Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado no procedemento abreviado núm. 46/22, promovido por D. Sergio Acuña Barros sobre reclamación de responsabilidade patrimonial.*

Dada conta que con data 4 de marzo de 2.022 notificase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (ditado no procedemento abreviado nº 46/22, polo que se acordou ter por desistido a *D. Sergio Acuña Barros*, sobre responsabilidade patrimonial por danos en motocicleta e lesións pola existencia de xabre na calzada da PO-532 no Concello de Pontevedra, no que reclamaba a cantidade de 25.240,14 €), cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

MOBILIDADE

25.23) *Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado no procedemento ordinario núm. 433/21, promovido por D. Santiago Tato Vidal sobre realización de obras sobre seguridade viaria.*

Dada conta que con data 28 de decembro de 2.021 notificase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (ditado no procedemento ordinario nº 433/21, polo que se acordou ter por desistido a *D. Santiago Tato Vidal*, sobre adopción de medidas necesarias para garantir a seguridade viaria, por mor do desprendemento parcial dun talude a consecuencia das choivas acaecidas na EP 7010 Foxo-Riobó P.K. 2+300 M.E., no Concello de A Estrada), cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.



TURISMO

25.24) *Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditado no procedemento ordinario núm. 377/21-CC, promovido pola entidade mercantil “Ivac Instituto de Certificación, S.L.” sobre pregos de contratación.*

Dada conta que con data 13 de xaneiro de 2.022 notificábase Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (ditado no procedemento ordinario nº 377/21-CC, polo que se acordou ter por desistido a entidade mercantil “IVAC Instituto de Certificación, S.L.”, sobre desestimación do recurso de reposición contra a resolución de data 10/9/21 que aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, do contrato de servizo “Auditorías externas dos sistemas de calidade na oficina de turismo Rías Baixas, e puntos de información turística da rede Info Ríasbaixas, seguindo a norma UNE 14785:2015, oficinas de turismo, e a norma UNE 302002:2018, Museos e coleccións visitables, no Castelo de Soutomaior”), cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

PRINCIPE FELIPE

25.25) *Decreto da Fiscalía de Menores de Pontevedra, ditado no Expediente de Reforma núm. 89/21 por un delito de lesións, feitos por un menor, no Centro de Educación Especial “Príncipe Felipe”.*

Dada conta da notificación do Decreto da Fiscalía de Menores de Pontevedra (recaído no expediente de reforma nº 89/21 relativo a menor S.R.M. como autora dun delito leve de lesións no Centro de Educación Especial “Príncipe Felipe” o día 28 de marzo de 2.021) no que se acorda o sobresemento e arquivo das actuacións, cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.

PROVIDENCIAS FAVORABLES

PRINCIPE FELIPE

25.26) *Providencia do Xulgado de Menores nº 1 de Pontevedra, ditada no Expediente de Reforma núm. 36/19 por un delito de lesións, feitos por un menor, no Centro de Educación Especial “Príncipe Felipe”.*

Dada conta da notificación da providencia do Xulgado de Menores nº 1 de Pontevedra (recaída no expediente de reforma nº 36/19 relativo ó menor A.L. como autor dun delito de lesións no Centro de Educación Especial “Príncipe Felipe” o día 9 de xaneiro de 2.019) na que se declara a inexistencia de responsabilidade civil respecto da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxa defensa foi levada pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.



26.31732.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Sr. Vicepresidente, comigo, o Secretario que dou fe.

